

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Urbanismo. Sección de Patrimonio - Expropiacións

Corrección de m² de superficie total da parcela nº 1 do Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 do PXOM (fase I)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 27 de maio de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM. Corrección superficie total parcela nº 1.

A proposta é do seguinte teor literal:

“Logo de ver o informe da Técnica de data 23.05.2024 que a continuación se reproduce:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 23 de outubro de 2023 adoptou o seguinte acordo: aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM.

O acordo de aprobación definitiva publicouse no Boletín Oficial da Provincia o 03.11.2023; na páxina de transparencia do Concello de Santiago e no taboleiro de anuncios. Así mesmo, enviouse notificación individual aos titulares de bens e dereitos afectados, notificouse ao Ministerio Fiscal en cumprimento do artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, e publicouse no Boletín Oficial do Estado o 12.12.2023 segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Co obxecto de proceder ao pagamento dos prezos xustos da expropiación requiriuse aos interesados que achegasen documentación. Na notificación solicitouse documentación acreditativa da titularidade (certificación que acredite a inscrición no Rexistro da Propiedade ao seu favor, entre outras), así como certificado bancario.

Con data 20 de novembro de 2023 e 15 de abril de 2024 ditáronse resolucións de corrección de erros por mor de erros aritméticos na valoración.

Con data 14 de maio de 2024 ditouse resolución do Concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, na que se acordou consignar os importes correspondentes aos prezos xustos ofertados pola Administración das parcelas nº 1 a nº 11, e na que se acordou o efectuar o pago da parcela nº 12.

Juana María Cruz del Río na súa condición de usufrutuaria da **parcela nº 1** e Henrique Ferro Cruz na súa condición de nudo propietario da parcela nº 1 alegan que a superficie catastral total da parcela é errónea. No proxecto de expropiación figuran 6.900 m², debendo figurar 7.202,51 m². O expoñente reitera a súa oposición á aprobación do Proxecto de expropiación, á modalidade elexida (taxación conxunta); indicando que: “se reproducen as alegacións formuladas no escrito presentado en data 7.02.2023”. Solicita, a maiores, o estaquillado da parcela.

CONSIDERACIÓNS

As alegacións formuladas no escrito presentado o 07.02.2023 foron contestadas no acordo de aprobación definitiva do proxecto de expropiación, que analiza as alegacións presentadas e da resposta ás mesmas.

Realizadas as comprobacións oportunas, obsérvase que a superficie catastral da parcela 15079A50501191 (finca nº 1) é de 7.209 m². Esta rectificación non afecta á superficie afectada pola expropiación.

Polo que respecta á solicitude de estaquillado, cómpre indicar que o estaquillado ou calquera outra delimitación precisa in situ que identifique o ámbito realizarase con anterioridade á execución material da obra.

Resulta de aplicación o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que recolle o seguinte: “as Administracións Públicas poderán, asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

PROPOSTA

Analizada a documentación presentada, proponse:

1.- Corrixir o erro detectado ao reflectir a superficie catastral total da parcela nº 1 do Proxecto de expropiación, de xeito que onde di: superficie catastral: 6.900 m² debe dicir: superficie catastral: 7.209 m². Esta rectificación non altera a superficie da parcela obxecto de expropiación (parcela nº 1 do proxecto expropiatorio), que é de 2.703 m²."

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

1.- Corrixir o erro detectado ao reflectir a superficie catastral total da parcela nº 1 do Proxecto de expropiación, de xeito que onde di: superficie catastral: 6.900 m² debe dicir: superficie catastral: 7.209 m². Esta rectificación non altera a superficie da parcela obxecto de expropiación (parcela nº 1 do proxecto expropiatorio), que é de 2.703 m²."

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Corrixir o erro detectado ao reflectir a superficie catastral total da parcela nº 1 do Proxecto de expropiación, de xeito que onde di: superficie catastral: 6.900 m² debe dicir: superficie catastral: 7.209 m². Esta rectificación non altera a superficie da parcela obxecto de expropiación (parcela nº 1 do proxecto expropiatorio), que é de 2.703 m².

A tenor do artigo 44 da lei 39/2015 servirá de notificación por edictos aos interesados que non puideran ser notificados aos descoñecidos, así coma ao que se descoñeza a súa dirección.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2024

O concelleiro delegado de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica

(PD. DEC/2023/8135 do 17 de xuño de 2023)

Asdo: Iago Lestegás Tizón

2024/3785